

TÍTULO SUPERIOR EN CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS
Escola Superior de Conservación e Restauración de BCC de Galicia
Historia dos bens pictóricos II
Departamento: Historia, valoración e clasificación dos bens culturais

Obrigatoria da especialidade	Curso: 3º pintura	2º Cuadrimestre	4 ECTS
-------------------------------------	--------------------------	------------------------	---------------

Teórica
Profesor: José Granados Marín
granadosmarin@edu.xunta.gal
Horario: 3 horas semanais
DESCRIPCIÓN DA MATERIA

- Historia dos bens culturais da especialidade, desde o punto de vista das súas características tipolóxicas, formais, técnicas e culturais.
- Metodoloxía de análise para a interpretación do ben cultural desde un enfoque teórico-práctico.
- Coñecemento dos principais repertorios da cultura visual da especialidade.
- Pautas para a elaboración de informes histórico-artísticos dos bens culturais da especialidade.

COMPETENCIAS TRANSVERSAIS

T2	Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos
T9	Integrarse adecuadamente en equipos multidisciplinares e en contextos culturais diversos
T17	Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social da importancia do patrimonio cultural, a súa incidencia nos diferentes ámbitos e a súa capacidade de xerar valores significativos.

COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN

X1	Contextualizar o ben cultural, entendendo o seu significado como testemuña documental para o seu respecto e transmisión.
X11	Acadar a capacidade de colaborar e traballar en equipo con outros profesionais, establecendo os mecanismos axeitados de comprensión e diálogo interdisciplinario.
X19	Coñecer e aplicar os recursos de investigación: metodoloxía científica, fontes documentais e historiográficas, análise, interpretación e síntese de resultados.
X20	Ter a capacidade para obter, presentar e difundir información sobre os bens culturais e a metodoloxía dos procesos de conservación e restauración.

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE DE PINTURA

EP5	Establecer un diálogo interdisciplinar con outros/as profesionais relacionados/as co ámbito do patrimonio cultural, especialmente no concernente ao patrimonio pictórico.
EP11	Investigar o patrimonio cultural pictórico desde o punto de vista histórico, das súas fontes documentais, da súa evolución material, funcional ou simbólica, así como a súa adecuación aos traballos de conservación-restauración de bens culturais. Coñecemento dos principais métodos e técnicas de investigación histórica aplicados á conservación-restauración de bens culturais.

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA MATERIA
CURSO ACADÉMICO 2023-2024

EM 1. Coñecer, identificar e analizar os bens culturais de tipo pictórico do período estudado, caracterizándoos de xeito adecuado: os seus materiais e técnicas, as súas funcións, os estilos, movementos e correntes ás que pertencen, o contexto socio-profesional no que foron creados, o seu mercado, así como a historia da súa conservación-restauración.

EM 2. Adquirir un dominio axeitado da terminoloxía científica da materia, así como o control das técnicas e metodoloxías de clasificación, análise e comentario dos bens pictóricos.

EM 3. Investigar o patrimonio dos bens culturais de tipo pictórico desde o punto de vista histórico: as súas fontes documentais, a súa evolución material, funcional e simbólica, así como a súa adecuación aos traballos de conservación-restauración de bens culturais. Coñecemento dos principais métodos e técnicas de investigación histórica aplicados á conservación-restauración de bens culturais.

EM 4. Documentar os bens pictóricos do arco cronolóxico estudado, valorándoos e clasificándoos de xeito adecuado, integrando os coñecementos e habilidades adquiridas á práctica da conservación-restauración. Identificar correctamente as distintas obras pictóricas estudadas, adscribíndoas aos seus ámbitos temporais, xeográficos, estilísticos, formais, materiais, técnicos, funcionais e iconográficos, atribuíndo de maneira axeitada as correspondentes autorías, escolas e obradoiros.

UNIDADES DIDÁCTICAS

UNIDADE	SUBTEMAS	% da materia
1. Introducción á pintura da Idade Moderna en España.	1.1 Aspectos socio-profesionais do pintor na España da Idade Moderna. 1.2 Tipos e xéneros da pintura española na Idade Moderna. 1.3 A recepción de modelos foráneos: as escolas veneciana e flamenca e a súa impronta na pintura española do <i>Siglo de Oro</i> . O papel do gravado na copia e difusión de modelos. 1.4 A clientela da obra pictórica. 1.5 Técnicas e materiais da pintura da Idade Moderna española. 1.6 Fontes para o estudio dos bens pictóricos da Idade Moderna.	20%
2. Século XVI.	2.1 Pintura e pintores no reinado dos Reis Católicos: do hispano-flamenco á adopción das formas renacentistas. 2.2 A pintura do reinado de Carlos V. 2.3 A pintura no reinado de Felipe II. 2.4 A pintura do século XVI en Galicia.	25%
3. Século XVII.	3.1 Do manierismo ao naturalismo: <ul style="list-style-type: none"> 3.1.1 Toledo. 3.1.2 Sevilla. 3.1.3 A Corte. 3.1.4 Valencia. 3.2 A xeración dos grandes mestres: José de Ribera, Francisco de Zurbarán, Alonso Cano y Velázquez. 3.3 Pintura española da segunda metade do século XVII: o pleno barroco. <ul style="list-style-type: none"> 3.3.1 A escola madrileña. 3.3.2 Sevilla: Bartolomé Murillo. Juan de Valdés Leal. 3.3.3 Outros focos pictóricos. 3.4 Pintura mural do século XVII en España. 3.4 Pintura barroca en Galicia.	35%

4. Século XVIII	4.1 Cambio dinástico e dirixismo rexio das artes. Novos gustos e novas institucións para a pintura en España. 4.2 Continuidade da tradición barroca hispana. 4.2 Pintores franceses e italiáns na corte dos primeiros borbóns. 4.3 A pintura mural no século XVIII en España: de Corrado Giaquinto a Goya. 4.4 Mengs e a renovación da pintura en España. 4.6 Casticismo e temática popular na pintura española da segunda metade do século XVIII: os cartóns para a Real Fábrica de tapices de Santa Bárbara. O fenómeno do <i>majismo</i> e o seu reflexo na pintura da época. 4.7 A pintura do século XVIII en Galicia.	20%
-----------------	--	-----

PLANIFICACIÓN DOCENTE

Metodoloxías	Horas aula	Horas fóra	Total
Sesión maxistral	30	0	30
Estudos de caso, debates e outras actividades	12	8	20
Traballos tutelados	12	13	25
Estudo autónomo	0	25	25
Total	54	46	100

METODOLOXÍA DOCENTE

Metodoloxía	Descrición
Sesión maxistral	Coñecemento das bases teóricas da materia, sobre as que construír o traballo autónomo, utilizando as sesións maxistras e outras ferramentas aportadas.
Traballos tutelados	Realización de tarefas relacionadas cos contidos da materia nas que se prime a capacidade de investigación e documentación sobre os temas e obras propostas. Preparación por parte do alumno de algún contido da materia indicado polo profesor. As directrices, metodoloxía e a secuencia das tarefas serán indicadas polo profesor ó alumno para a súa correcta elaboración e presentación escrita e oral.
Estudos de caso, debates e outras actividades	Busca, lectura e traballo de documentación; propostas de resolución de problemas e/ou exercicios realizados na aula polo alumnado de xeito autónomo; charlas abertas a partir da lectura e comentario de artigos científicos ou documentos audiovisuais, noticias de actualidade ou estudos de caso; actividades complementarias como visitas, traballos de campo, viaxes de estudo, conmemoracións, etc., e tarefas propostas asociadas a elas.
Presentación/Exposición	Exposición oral por parte do alumnado dos traballos tutelados.
Proba escrita (avaliación continua)	Exame dos contidos tratados nas aulas, a realizar en datas próximas ao final do cuadrimestre.

Proba da convocatoria ordinaria	Exame para os alumnos/as que non superasen a avaliación continua (por falta de rendemento académico, por perder o dereito á mesma ou por renunciar á mesma). A realizar na data e hora fixada de forma oficial pola ESCRBCG. A totalidade dos contidos da presente guía docente é susceptible de ser materia de exame.
Proba da convocatoria extraordinaria	Proba escrita para os alumnos/as que non superasen a materia na convocatoria ordinaria. A realizar na data e hora fixada no calendario oficial de exames da ESCRBCG. A proba versará sobre os contidos que figuran na presente guía docente.

SISTEMAS DE AVALIACIÓN		
Método	Criterios	% avaliación
AVALIACIÓN CONTINUA		
Proba escrita	Avaliación da correcta adquisición dos obxectivos, competencias e contidos da materia. Consistirá na identificación, comentario e análise de varias obras, comentarios de textos, desenrolo de preguntas ou temas propostos e/ou definición de términos. Cada parte da proba levará indicada a porcentaxe que pondera sobre a nota final da mesma. Cada un dos exercicios a resolver puntuarase de 0 a 10. Para que a proba escrita poda facer media aritmética co resto de actividades avaliábeis a calificación obtida na mesma ten que ser igual ou superior a 5.	60 %
Traballos tutelados	Rigor técnico e metodolóxico no ámbito da documentación e a investigación, corrección formal e calidade da presentación. Sentido crítico e capacidade para plantexar hipóteses e propostas. Presentación oral dos traballos na que se valorarán as competencias expositivas, a capacidade de síntese, o desenvolvemento dos contidos máis relevantes e a presentación de propostas para a posta en valor do patrimonio cultural estudado. A súa cualificación ponderará o 50% da nota total de este sistema de avaliación. Fora dos prazos establecidos para a súa entrega e presentación non se valorarán e cualificarán os traballos propostos salvo circunstancias debidamente xustificadas.	30 %
Estudos de caso, debates e outras actividades. Observación sistemática a través do seguimento do traballo na aula.	Participación e realización das tarefas e actividades propostas no apartado “estudos de caso, debates e outras actividades”, interese pola materia e asistencia regular.	10%
Total		100 %
PROBA ESCRITA CONVOCATORIA ORDINARIA		100%
PROBA ESCRITA CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA		100%

OUTROS COMENTARIOS Á AVALIACIÓN E MEDIDAS DE RECUPERACIÓN:

- Todos os alumnos teñen dereito dúas convocatorias, unha ordinaria e outra extraordinaria. As datas, horas e lugares de celebración das mesmas faranse públicas coa suficiente antelación e poderán ser consultadas nos taboleiros e na páxina web da ESCRBCG.
- Avaliarase de forma continuada o progreso do proceso de aprendizaxe. A cualificación final da materia para os alumnos da avaliación continua consistirá nos sistemas de avaliación expostos na táboa anterior. A fórmula de cálculo para a cualificación obtida ó longo do curso será a seguinte: [Cualificación final = nota proba escrita final x 0,60 + nota traballos tutelados x 0,30 + estudos de caso, debates e outras actividades x 0,10].
- Os alumnos que non aprobaron ou non se presentaron á convocatoria ordinaria poderán recuperar a materia na convocatoria extraordinaria que terá as mesmas características que a proba da convocatoria ordinaria.

ATENCIÓN PERSONALIZADA

Ofreceráse atención personalizada ó alumnado durante todo o curso. As titorías docentes realizaranse no despacho do profesor no horario asignado a comezo de curso e mediante o correo electrónico do profesor.

BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA**BIBLIOGRAFÍA BÁSICA:**

- BRUQUETAS GALÁN, R.: *Técnicas y materiales de la pintura española en los siglos de oro*, Fundación de Apoyo a la Historia del Arte Hispano, 2007.
- CHECA CREMADES, F.: *Pintura y escultura del Renacimiento en España, 1450-1600*, Madrid, *Manuales de Arte Cátedra*, 1993.
- DOMÈNECH, F. B.: “La pintura española desde el pleno Renacimiento al Manierismo”, en VV.AA.: *La pintura en Europa. La pintura española*, vols. I y II, Electa, Milán, 1995, pp. 245-290.
- LAFUENTE FERRARI, E.: *Breve historia de la pintura española*, vol. II, Madrid, 1987.
- MORALES Y MARIN, J.L.: *Pintura en España, 1750-1808*, Madrid, Cátedra, 1994.
- PÉREZ SÁNCHEZ, A. E.: “El siglo de oro de la pintura española”, en VV.AA.: *La pintura en Europa. La pintura española*, vols. I y II, Electa, Milán, 1995, pp. 299-385.
- PÉREZ SÁNCHEZ, A. E.: “El siglo XVIII: el último barroco, las academias y Goya”, en VV.AA.: *La pintura en Europa. La pintura española*, vols. I y II, Electa, Milán, 1995, pp. 387-427.
- PÉREZ SÁNCHEZ, A.: *Pintura barroca en España, 1600-1750*, Manuales de arte Cátedra, 2010.

BIBLIOGRAFÍA COMPLEMENTARIA:

- ALONSO RUIZ, B. *et alii* (eds.): *La formación artística: creadores-historiadores-espectadores* (Actas del XXI Congreso Nacional de Historia del Arte), Santander, 2018.
- ANGULO, D.: *Pintura del Renacimiento*, Madrid, Ars Hispaniae, 1954.
- ANGULO IÑIGUEZ, D. y PÉREZ SÁNCHEZ, A. E.: *Pintura madrileña del segundo tercio del siglo XVII*, Instituto Diego Velázquez, Madrid, 1983.
- BAXANDALL, M.: *Giotto y los oradores: la visión de la pintura en los humanistas italianos y el descubrimiento de la visión pictórica (1350-1450)*, Madrid, La Balsa de la Medusa, 1996.
- BROWN, J.: *Imágenes e ideas en la pintura española del siglo XVII*, Alianza Forma, 1995.
- BURKE, P.: *El Renacimiento*, Barcelona, Crítica, 1993.
- BUTLER GREENFIELD, A.: *Un rojo perfecto. Imperio, espionaje y la búsqueda del color del deseo*.

- CABAÑAS BRAVO, M. (coord.): *El arte foráneo en España, presencia e influencia*, CSIC, Madrid, 2005.
- CALVO SERRALLER, F. y PORTUS, J.: *Fuentes de la Historia del Arte II*. Madrid, 2001.
- CHECA CREMADES, F.: *Tiziano y la Monarquía Hispánica: usos y funciones de la pintura veneciana en España (siglos XVI y XVII)*, Nerea, 1994.
- COUSELO BOUZAS, J.: *Galicia artística en el siglo XVIII y primer tercio del siglo XIX*, Santiago de Compostela, 2004.
- GALLEGO, J.: *Visión y símbolos en la pintura española del Siglo de Oro*, Cátedra, Madrid, 1996.
- GARCÍA IGLESIAS, J. M.: *La pintura manierista en Galicia*, La Coruña, 1986.
- GARCÍA MELERO, J. E.: *Arte español de la Ilustración y del siglo XIX. En torno a la imagen del pasado*, Madrid, 1998.
- GUTIÉRREZ, R. (coord.): *Pintura, escultura y artes útiles en Iberoamérica, 1500-1825*, Manuales arte cátedra, 1995.
- MALTESE, C. (coord.): *Las técnicas artísticas*, Cátedra, 2006.
- MARTÍN GONZÁLEZ, J.J.: *El artista en la sociedad española del siglo XVII*, Cátedra, Madrid, 1993.
- MUÑOZ GONZÁLEZ, M. J.: *El mercado español de pinturas en el siglo XVII*, Madrid, 2008.
- PACHECO, F.: *Arte de la pintura, su antigüedad y grandezas*, [1ª edición, Sevilla, 1649], Manuel Galiano, Madrid, 1866.
- PALOMINO, A.: *Vidas*, 1724, Alianza Forma, Madrid, 1986.
- PÉREZ COSTANTI, P.: *Diccionario de artistas que florecieron en Galicia durante los siglos XVI y XVII*, Santiago de Compostela, 1930.
- VV. AA.: *I Congreso Internacional Pintura Española siglo XVIII*, Museo del Grabado Español Contemporáneo, Madrid, 1998.
- VV.AA.: *Arte e cultura de Galicia e norte de Portugal*, vols. I e II, Nova Galicia Edicións, 2005.
- VV.AA.: *Artistas galegos. Pintores (ata o Romanticismo)*, Nova Galicia, 2004.
- VV.AA.: *Retablos: técnicas, materiales y procedimientos*, International Institute for Conservation, Grupo Español, Valencia, 2006.
- VV.AA.: *La pintura europea sobre tabla: siglos XV, XVI y XVII*, Ministerio de Cultura, 2010.

OBSERVACIÓNS

- Empregarase a Aula Virtual (AV) Moodle para que o alumno poida consultar e dispoñer da presente guía docente, para deixar material didáctico para o alumnado, para formalizar a entrega de traballos e para outros usos relacionados coa materia e tamén como modo de comunicación profesor/alumno. O uso desta plataforma é obrigatorio para o alumnado que curse a avaliación continua, e moi recomendable para o resto.
- É imprescindible que o alumno aplique una metodoloxía axeitada á hora de proceder ó estudo dos contidos da materia e á realización das distintas tarefas (toma de apuntes e anotacións, busca e selección de materiais, cronogramas, presentacións, etc.).
- O plaxio e apropiación de materiais científicos en distintos soportes (edicións dixitais ou en papel) sen o citado previo da súa fonte é un delito e suporá un suspenso.
- A biblioteca da ESCRBBCCG conta con material bibliográfico específico sobre os contidos da materia. O seu uso habitual é imprescindible para acadar correctamente os obxectivos da materia polo que formará parte das actividades lectivas da materia.
- O uso ou funcionamento de teléfonos móbiles e outros dispositivos (TIC,s) con capacidade de copia ou gravación non está permitido.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



ESCOLA SUPERIOR
DE CONSERVACION
E RESTAURACION
DE BENS CULTURAIS
DE GALICIA

Rúa Xeneral Martitegui s/n
36002 Pontevedra. Tlf: 886159735
escola.conservacion.galicia@edu.xunta.gal
<http://escolaconservacion.gal>